

Tarefa 2: Textos sobre os gremios.

Nome:

Texto 1:

<<Os artesáns, xastres, zapateiros, pañeros, panadeiros, cerraxeiros, pintores, carpinteiros, canteiros e construtores constituían asociacións artesanais ou federacións chamadas gremios. Cada un deles, por exemplo o gremio dos xastres, era tan pechado e tiña leis case tan rigorosas como o estamento dos cabaleiros. Non todo o mundo podía alcanzar sen máis nin máis o grao de mestre xastre. Antes había que ser aprendiz durante un tempo determinado; logo, obtíñase o grao de oficial e había que percorrer mundo para coñecer cidades e formas de traballo alleas. Estes oficiais itinerantes percorrían o país a pé e visitaban, a miúdo durante anos, moitas nacións ata o momento de regresar a casa ou atopar unha cidade descoñecida que necesitase—poñamos por caso— un mestre xastre, pois nas cidades pequenas non facían falta moitos e o gremio procuraba con gran rigor que non accedese ao grao de mestre máis xente da que podía atopar traballo. O oficial debía demostrar alí o que sabía, é dicir, preparar unha peza mestra (un belo abrigo, por exemplo), e, a continuación, nomeábaselle solemnemente mestre e era recibido no gremio. >>

GOMBRICH, Ernst, *Breve historia do Mundo*, Barcelona, Península, 2007

1. Foi accesible para todo o mundo ser mestre de xastre?
2. En que consistía ser un oficial itinerante?
3. Qué había que facer para converterse en mestre?

Texto 2:

“Vic, decembro de 1253.

Eu, Pedro de Comes, do pobo de Taradell, déixoche ao meu fillo Berenguer de Comes a ti Ramón de Puigdiver, durante 5 anos seguidos e completos, para que lle ensines o oficio de ferrería. E que lle ensines ben este oficio, e aliméntelo e o vistas; e cóidelo tanto se está san coma se está enfermo; e que despois dos cinco anos déaslle un martelo e unhas tenazas. E que o meu fillo Berenguer sexa bo e que cumpra o que ti lle mandes. E que os días que estea enfermo recupérese despois dos cinco anos.

E eu, Berenguer, acepto todo isto e xuro cumprilo.

E eu, Ramón de Puigdiver, recibo a este aprendiz e prometo cumprir o contrato.”

1. Quen é o mestre artesán? e quen é o aprendiz?
2. Quen é Pedro de Comes? Que oficio aprenderá Berenguer de Comes?
3. A que se compromete Ramón de Puigdiver? Cantos anos dura o contrato? Que cargo terá Berenguer cando remate a súa formación?